



PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA XERENTE PARA O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA

ANEXO II

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base 6.i da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditalo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados polo Tribunal Cualificador. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- Por cada dúas respostas incorrectas, descontarase unha correcta
- As respostas en branco non puntúan
- As dobres respostas e as que non estean claras se considerarán incorrectas.

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o/a candidato/a quedará excluído/a.

O finalizar o exercicio, cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba, se farán públicas as respostas correctas do cuestionario, na páxina web do Consorcio de Turismo e Congressos e serán comunicados os/as candidatos/as.

O Tribunal Cualificador concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, o Tribunal Cualificador publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.